

# CALENDARIO 2019



# CALENDARIO MULLERES 2019

TRABALLANDO XUNTAS para cambiar o mundo.

Para o ano que se achega presentámosvos 12 historias de loitas colectivas, 12 historias de transgresión e rebeldía, 12 historias diversas de mulleres que **TRABALLARON XUNTAS**

*coa esperanza de tomar alento  
para ver o momento de nos libertar.\**

Quixemos facer un calendario de mulleres que foron capaces de abrir camiños, de rozar congostras para as que viñan detrás. Un calendario de

*ferreiras dun mundo mellor,*

En homenaxe, lembranza e recoñecemento a todas as mulleres que crearon redes para traballar xuntas, que confiaron e souberon ver que unidas eramos invencibles, este calendario **MULLERES 2019** porque cando

*A nosa razón forte berra,  
o triunfo chega en volcán.*

## A REVOLTA DAS MULLERES

En xaneiro de 1918, ten lugar na Coruña unha grande revolta social contra a suba dos prezos dos produtos básicos cun protagonismo feminino case total. Poderíase pensar que son accións espontáneas, mais o certo é que centos e centos de mulleres nos peiraos, nas loxas do centro, nos almacéns dos barrios etc., e case á mesma hora, deciden asaltar celeiros, os comercios dos acaparadores e repartir os alimentos que requisan. Estas revoltas son un exemplo da capacidade de autoorganización das mulleres, pois realizan reunións coas autoridades, organízanse para vixiaren aos almacéns e evitaren as exportacións, reparten os alimentos requisados, usan a forza cando é imprescindible etc. No caso das mulleres obreiras, en asemblea, propoñen a unión entre diferentes sindicatos usando mesmo citas de Marx.



“ Hai dous tipos de mulleres: deusas e porteiras ”

Picasso

## XANEIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

## A LOITA DAS ENCROBAS

En 1975, Unión Fenosa decidiu explotar un xacemento de lignito no subsolo do val das Encrobas (Concello de Cerceda) onde vivían unhas 1.500 persoas. Para abaratar custos a empresa optou pola extracción a ceo aberto, o que supoñía desalojar 400 familias coas súas vivendas, leiras e modo de vida o que provoca o rexeitamento de todo o pobo. O ditador Franco, no último Consello de Ministros que



Xosé Castro

presidiu antes da súa morte, aprobou o expediente de expropiación forzosa. En febreiro de 1977 prodúcese a maior revolta agraria das últimas décadas cando a poboación correndo polo monte enfróntase ás forzas de seguridade con sachos e paus e ducias e ducias de mulleres labregas zoupan con paraugas nos gardas civís.

“ Vas con mulleres? Non te esquezas do látego ”  
Nietzsche

## FEBREIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			

## 8m

O primeiro fito na consecución do 8 de marzo atopámolo na I Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, celebrada en Stuttgart en 1907 coa presenza de Clara Zetkin, Alexandra Kollontai e Rosa Luxemburgo mais haberá que esperar a 1910, na II Conferencia, onde se decide crear o Día Internacional da Muller Traballadora, un día loita a favor dos dereitos das mulleres. O primeiro 8 de marzo europeo foi o de 1914, seguido unitariamente en varios países do continente. Mais o 8 de marzo con máis transcendencia foi o de 1917, en San Petersburgo, onde miles de mulleres saen á rúa pedindo pan e o regreso dos combatentes. Esta manifestación é considerada por algunhas historiadoras como o detonante da Revolución Rusa. Neste 2019, seguimos a loitar para construír unha sociedade xusta, que garanta a igualdade de oportunidades e dereitos.



“O forte da muller non é saber senón sentir. Saber as cousas é ter conceptos e definicións, e isto é obra do home”

Ortega y Gasset

## marzo

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## AS MULLERES GALEGUISTAS

O día 13 de abril de 1933 créase na Coruña a Agrupación Republicana Feminina. Nace para "Defender os dereitos femininos e labourar pola consecución dos aínda non recoñecidos" e terá como primeira presidenta a Elvira Bao, á que sucederá Amparo López Jean, a primeira muller que se afilia ao Partido Galeguista na Coruña. O papel realizado polas mulleres no galeguismo histórico foi sempre pouco recoñecido mais non foi menor. A sección feminina das Irmandades da Fala contaba só na Coruña con 200 mulleres, a súa Conselleira Primeira foi Micaela Chao Maciñeira, con Ermitas López Verdes, Elvira Bao, María Miramontes. Estas son as mulleres que van traballar arreo na creación das Escolas de Ensiño galego, as que participan ademais nos traballos do Conservatorio Nazonal do Arte Gallego....



“As mulleres nunca teñen nada que dicir pero dino encantadoramente”

Óscar Wilde

# ABRIL

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

## AS MULLERES NAS LETRAS

Das 57 persoas homenaxeadas desde 1963, no Día das Letras Galegas, só 4 foron mulleres. Comeza o recoñecemento, como non podía ser doutro xeito, coa propia Rosalía de Castro, mais habería que esperar 24 anos para que se recoñeza outra muller, Francisca Herrera. 20 anos despois María Mariño e no 2018 M<sup>a</sup> Victoria Moreno... Non existe nin sequera un mísero 10% de mulleres que contribuísen de forma sobranceira á cultura galega e en particular á lingua e á literatura deste país? A Real Academia Galega ten unha débeda coas mulleres. Colectivos feministas, a plataforma de crítica literaria A Segá... levan anos lembrándollo e reivindicando que cómpre mudar a mirada. ELES dirán se o queren facer ou non...



*Luísa Villalta, poeta narradora, ensaísta...*

“ Aborrezo á muller sabia. Que non viva baixo o meu teito a que saiba máis ca min ”

Eurípides

maio

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

## MARCELA e ELISA

O 8 de xuño de 1901 na Coruña, ás sete da mañá, casan, na igrexa parroquial de San Xurxo, Marcela e Elisa e para facelo posible Elisa tivo que adoptar unha identidade masculina. Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga foron dúas mestras galegas que constituíron o primeiro matrimonio entre persoas do mesmo sexo no Estado Español do que hai constancia, mais cando son descubertas son excomungadas, perden o seu emprego e dítase unha orde de busca e captura, mais logran fuxir, escapan a Portugal e logo a América. A lembranza deste casamento debe servir para amosar o noso compromiso de loitar por unha sociedade libre e xusta na que ningunha persoa sexa excluída ou discriminada pola súa sexualidade ou identidade de xénero e para reivindicarmos a soberanía dos corpos e tamén unha sexualidade libre, segura e gozosa.



“ A muller é un home incompleto ”  
Aristóteles

# xuño

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



## AS “MULLERES MURO”

As Mulleres Muro é a historia das mulleres que no verán de 1936 fan do seu corpo un valo, un parapeto, poñéndose diante do cárcere da Coruña cada día e cada noite para impedir que saian presos da cadea para ser “paseados”. Despois do golpe de Estado de 1936, comezan os viles asasinatos de mulleres e homes, sen xuízo, moitos son encarcerados. Cóntase que ducias de mulleres da cidade, vendo o que está a pasar coas persoas presas e como todos os días aparecen cadáveres no Campo da Rata ou nas estradas da contorna, colócanse diante do cárcere, día e noite, para impedir sacar os presos; e que cando algunha delas era arrastrada ou golpeada e xa non podía seguir alí, unha ducia viña ocupar o seu lugar.



*Peza escultórica de Pepe Galán*

“ Sempre crin que a bondade das mulleres é aínda máis efémera que a súa fermosura ”  
Valle Inclán

## XULLO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

## IRMÁS FANDIÑO

O 17 de agosto é o Día da Galiza Mártir. Lembramos nesta data a historia das Marías de Santiago. Na década dos 30, Compostela loitaba para deixar atrás o pasado eclesiástico e caciquil e o galeguismo e republicanismo poñían os alicerces para un futuro mellor para Galiza. Nesa Compostela vive a familia Fandiño Ricart, formada por once irmáns, varios deles destacados anarquistas. E nese ambiente edúcanse e medran as Marías, Maruxa e Coralia, aí aprenden liberdade, dereitos e sindicalismo. Mais o golpe de estado franquista acaba con todo iso. Un dos irmáns é asasinado e outros serán encarcerados. E, as Marías son torturadas e, ao igual que pasara con outras moitas mulleres represariadas e humilladas, tolean, e na súa loucura recuperan a mocidade, as cores alegres, o paseo, a risa nunha Compostela triste e gris.



“Só infundíndolles temor pode manterse ás mulleres dentro dos límites da razón”  
Schopenhauer

## AGOSTO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## AS IRMÁS TOUZA

As irmás Touza -Lola, Amparo e Julia- lideraron en Ribadavia unha rede de solidariedade coas persoas que fuxían do nazismo durante a 2ª Guerra Mundial (1/9/1939 ao 2/9/1945). Xunto con outros veciños, taxistas, barqueiros, foron capaces de salvar vidas humanas, principalmente de persoas xudías, arriscando as propias. Foi unha historia moi descoñecida até o ano 1964, cando un xudeu neoiorquino chamado Isaac Retzmann e un galego emigrado, Amancio Vázquez, deron a coñecer a historia das irmás Touza e saíu á luz da man do libreiro e intelectual Antón Patiño, xa que tanto elas coma os seus compañeiros gardaron sempre silencio. No ano 2005, foron recoñecidas como xustas entre as nacións.



“ Non se pode fiar un segredo a unha muller que non sexa morta ”


Quevedo

## SETEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

## AS MULLERES NAS REVOLTAS AGRARIAS

O 12 de outubro de 1916, as labregas Francisca Carou, Ramona Suárez, Generosa Vidal, Rosa Cadórniga e Antonio Sobrado foron asasinadas por axentes da Garda Civil na ponte de Cans (Nebra), logo dunha mobilización contra o cobro de abusivos e inxustos impostos. O movemento agrario galego tivo sempre moita forza e foi capaz ao longo do s XX de levantar a miles de labregas contra as inxustizas, xa fose en Nebra, en Sofán (1919) - onde se levanta todo un pobo contra a xerarquía eclesiástica e os caciques e onde a garda civil asasina a catro mulleres-, ou en Sobredo (1922) -onde dous mil labreg@s, convocadas a golpe de badaladas, solidarizáranse cun veciño que se nega a pagar os foros, arengando en favor de "A terra para quen a traballa".



“ Os fundamentos da casa son a muller e o boi: o boi para que are e a muller para que garde ”  
Frei Luís de León

## OUTUBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

## EL PROGRESO FEMENINO

En novembro de 1910 fúndase *El Progreso Femenino*, *Sociedad de cargadoras y descargadoras de carbones, sales y minerales da Coruña*, continuadora de *La Libertad en el Trabajo*. Coma de costume, as mulleres cobraban menos que os homes, e por iso foron vistas por eles como unha ameaza. Lonxe de se renderen, estas mulleres que carrexaban, cargaban e descargaban con paxes e cestos polo porto coruñés, uníronse para formar esta sociedade de resistencia coa que pretendían alcanzar, para elas tamén, logros como as 8 horas "como para os homes", que rematarán por apoiar as súas demandas desde *El Progreso Marítimo*.



“ Debedes atrasar o máis que vos sexa posible o momento en que a vosa muller vos pida un libro ”  
Balzac

## NOVEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

## CIGARREIRAS

En decembro de 1857, as cigarreiras coruñesas, obreiras que cobraban por traballo feito, rebeláronse contra quen supuña un risco para o seu xornal: as máquinas de picar e liar o tabaco, que rematarían no mar da Palloza. A intervención das forzas da orde e as detencións non frearon as operarias que seguirían organizándose e traballando en común durante decenios contra peches patronais, por melloras salariais, por avances nos dereitos... Como testemuña, o Centro Social das chaconeiras en Fernández Latorre, aínda coñecido como "a casa das cigarreiras".



“ Unha muller amablemente estúpida é unha bendición do ceo ”  
Voltaire

## DECEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

981 200 869

<http://www.alexandreboveda.gal/>

Correo electrónico: [acab@mun-do-r.com](mailto:acab@mun-do-r.com)



<https://twitter.com/ACBoveda>



<https://www.facebook.com/agrupacion.cultural.alexandreboveda>



Asociación socio-pedagógica galega

981278259

<http://www.as-pg.gal/>

Correo electrónico: [informacion@as-pg.com](mailto:informacion@as-pg.com)



<https://twitter.com/asocpedagogica>



<https://www.facebook.com/asociacion.galega>

colabora:



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



\*Fotografía de portada Archivo Pacheco. Concello de Vigo